



Como compartir pantalla doutros dispositivos no panel dixital



Antes que nada, recordade que a compartición de pantalla sen fíos entre o panel e outros dispositivos precisa a conexión de todos os elementos á mesma rede polo que previamente os alumnos se conectarán ao punto quente da aula.

O panel interactivo dispón do software ScreenShare para realizar a compartición sen fíos desde outros dispositivos (máximo 4). Permite tanto a duplicación de pantalla como o envío de ficheiros.



Desde o dispositivo duplicador será preciso a **descarga do software cliente**. Recomendo a aplicación de **MAXHUB SCREENSHARE**, que é a que se amosa nos exemplos nas seguintes páxinas:


ANDROID

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.cvte.maxhub.screenshare.mobile&hl=es>


iOS

<https://apps.apple.com//us/app/maxhub-link/id1353765767>


ScreenShare do panel proporciona un **código de compartición** para vincular os dispositivos cliente ao panel.



Premendo no código desprégase a seguinte ventaniña cun código QR que se pode escanear co móbil. É aconsellable darle a **Detailed tutorial** para ver a posibilidade de conectar co código doutro xeito (por exemplo un portátil), como veremos na páxina seguinte.





Aquí o panel amosa información sobre a **configuración do hotspot (nome da rede sen fíos e contrasinal)** e posibilidade de escaneo de **código QR** para duplicación desde un dispositivo móbil ou introducindo o **código no programa de duplicación de pantalla dun portátil** (tamén é posible facelo deste xeito nun móbil).




Exemplos con MaxHub Screenshare nunha tablet



Instalado o MaxHub Screenshare na tablet, ao abri-lo esta detecta o panel dixital e a continuación introducimos o código.





Neste exemplo lancei a pantalla da tablet, mostrando todo o que se vería nela. Para saír deste espello de pantalla, prememos en Fin do lanzamento. Tamén poderíamos escoller outras funcións, como reproducir videos ou amosar fotos das galerías no noso móbil (Cuidado coa privacidade!) premendo na icona dos cadradiños (funcións)



abre a listaxe de funcións



Neste exemplo o panel reproduce un video da miña galería de videos na tablet.



Exemplos de funcións con MaxHub Screenshare nun móbil



Espello de pantalla: realiza a duplicación da pantalla do dispositivo no panel.

Reproducir vídeos: permite reproducir na pantalla do panel un vídeo almacenado na memoria local do dispositivo.

Presentar fotos: permite visualizar na pantalla do panel unha selección de imaxes almacenadas na memoria local do dispositivo.

Compartición de arquivos: permite o envío de arquivos desde o dispositivo á memoria interna do panel. Os arquivos transferidos almacénanse na ruta: /FileShare

Pantalla remota: permite realizar a compartición de pantalla de xeito inverso, de tal forma que na pantalla do dispositivo visualizárase a pantalla do panel.

Cámara compartida: permite ver no panel en tempo real a visualización da cámara do dispositivo.

Exemplos con MaxHub Screenshare nun móbil

